



Copia

## ROGO PARA A REPOSICIÓN DUN SINAL INFORMATIVO NA TRAVESA DE FONSECA

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O mantemento da sinalización existente no núcleo histórico debe ser un labor prioritario non só polo seu carácter informativo, senón tamén polo que significa de reflexo do coidado e atención dun elemento integrado no ámbito monumental catalogado como Patrimonio da Humanidade.

Na confluencia da rúa do Franco coa Travesa de Fonseca, unha das zonas de maior tránsito da zona histórica, atópase un sinal informativo que ata hai pouco tempo indicaba a dirección de importantes elementos e instalacións: Praza do Obradoiro, Catedral Museo, Centro Internacional de Acollida de persoas peregrinas e o propio Pazo de Raxoi. Dicimos "indicaba", porque na actualidade apenas se pode intuír boa parte da súa información ao levar algún tempo estragado, quizais pola acción dalgún vehículo dos que a miúdo empregan este lugar para o reparto de mercadorías na zona.

Aproveitando que durante este mes se vai manter cortada esta rúa, entre o Franco e a Avenida de Padrón, para a reparación do pavimento, sería un bo momento para repoñer canto antes este sinal por parte do Concello, independentemente da posible reclamación patrimonial que se poida considerar.

En consecuencia, fórmulase o seguinte **ROGO**:

***Que o Goberno local acometa a reposición, á maior brevidade, do sinal informativo existente na confluencia da Travesa de Fonseca e da rúa do Franco, para que manteña a súa propia función e non contribúa a estragar a imaxe do núcleo histórico.***

Santiago de Compostela, a 4 de novembro de 2016.

María Ángeles Antón Vilasánchez  
Concelleira do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela